

Laringais e alternancia vocálica: consecuencias da súa evolución na flexión nominal grega e latina

Alejandra Rajo Campo
Dirixido por José Virgilio García Trabazo

Grao en Filoloxía Clásica
Curso académico 2012-2013

Laringais e alternancia vocálica: consecuencias da súa evolución na flexión nominal grega e latina

Alejandra Rajo Campo
Dirixido por José Virgilio García Trabazo



Grao en Filoloxía Clásica
Curso académico 2012-2013

TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	I
ABREVIACIÓNS E SÍMBOLOS	III
BIBLIOGRAFÍA	VII
BREVE INTRODUCCIÓN Á TEORÍA LARINGAL	XI
LARINGAL ANTE VOGAL	1
CONCLUSIÓNS	33
ÍNDICES	35

INTRODUCCIÓN

No presente traballo tense como obxectivo o estudo dos problemas que se dan nas formas das linguas históricas que presentan alternancias vocálicas. Neste terreo teñen un papel fundamental as laringais. Así, como primeiro apunte, as laringais permiten reducir todas as alternancias a un só tipo (*vid.* páx. VIII). Pero, a súa reconstrución non sempre é doada. Son moitos os problemas que resolveu a teoría laringal, pero da man dela chegaron, tamén, novos dilemas. O primeiro, ver que efectos causaban en cada posición nunha palabra e como actuaban ante ou sobre as laringais os demais elementos da palabra. Tamén, cal é a evolución normal en cada lingua, e que excepcións habituais se daban. No estudo destas cuestións saíron á luz múltiples irregularidades que conlevaron ó nacemento de novas leis.

Unha cuestión importante é a da reconstrución dunha vogal orixinaria ou facela derivar dunha laringal. Tamén a discusión sobre postulación dos grados vocálicos é significativa. Atoparemos reconstrucións que vacilan entre un grao /e/ con laringal * h_3 - ou un grao /o/ cunha laringal * h_2 -. Veremos, así mesmo, que o que algúns reconstrúen como laringal máis vogal (é dicir grao pleno), para outros sería unha laringal mais consoante (con *schwa secundum*). Os dous últimos puntos mostran a problemática das alternancias tanto cualitativas como cuantitativas.

Son estas algunhas das cuestións que se recollen ó longo do traballo, e que deixan ver as dificultades que existen á hora de dar conta das evolucións fonéticas experimentadas nas distintas linguas. Son moitos os estudosos que aportaron as súas opinións e son moitos os que seguen investigando.

Por todo o comentado anteriormente, o análise fonético é primordial na investigación etimolóxica dunha palabra. Pois permítenos ver os fenómenos que se produciron nos fonemas, e como actúan os fonemas nas distintas posicións dentro da palabra ou en relación con outros fonemas. Polo tanto, o ser conscientes da importancia da fonética histórica proporciónanos a facultade de ser obxectivos á par que críticos á hora de aceptar ou postular reconstrucións.

Apuntar tamén que o propósito inicial do proxecto era a análise das diversas posicións nas que se atopaban as laringais en indoeuropeo. Mais, debido ás propias limitacións impostas para o traballo, optouse por restrinxir o estudo a unha soa posición das laringais. Tras a observación detida do material grecolatino, a posición que se decidiu analizar foi a de laringal ante vogal. A elección provén do notable predominio de laringais nesta posición, o que leva xa a unha primeira conclusión.

O método seguido para o traballo é o da presentación dunha posible reconstrución indoeuropea cos seus resultados nalgunhas das linguas históricas, o que manifesta a importancia da lingüística comparativa.

ABREVIACIÓNS E SÍMBOLOS

A. LINGUAS

a.a.a.	alto alemán antigo	locr.	locrio
a.a.m.	alto alemán medio	luv.	luvita
acad.	acadio	mic.	micénico
alb.	albanés	nór.a.	nórdico antigo
arc.	arcadio	osc.	osco
arm.	armenio	pers.a.	persa antigo
arx.	arxivio	PIt	proto-itálico
át.	ático	polac.	polaco
av.	avéstico	prus.a.	prusiano antigo
av.a.	avéstico antigo	sánschr.	sánscrito
av.r.	avéstico recente	sax.a.	saxón antigo
b.a.m.	baixo alemán medio	suec.	sueco
célt.	céltico	tarent.	tarentino
cret.	cretense	toc. A	tocario A
chip.	chipriota	toc. B	tocario B
dór.	dórico	umbr.	umbro
eol.	eolio	vasc.	vasco
esl.	eslavo	xerm.	xermano
esl.a.	eslavo antigo	xón.	xónico
esl.a.ecles.	eslavo antigo eclesiástico		
fris.a.	frisón antigo		
fris.	frisón		
fris.r.	frisón recente		
frix.	frixio		
gal.	galo		
gal.m.	galo medio		
gót.	gótico		
gr.	grego		
hit.	Hitita		
hurrit.	hurrita		
i.a.	indio antigo		
IE	indoeuropeo		
ingl.a.	inglés antigo		
ingl.m.	inglés medio		
iran.	iranio		
irl.a.	irlandés antigo		
irl.m.	irlandés medio		
irl.r.	irlandés recente		
isl.	islandés		
isl.a.	islandés antigo		
lac.	laconio		
lat.	latín		
lat.a.	latín antigo		
lesb.	lesbio		
let.	letón		
lic.	licio		
lit.	lituano		
lit.a.	lituano antigo		

ABREVIACIÓNS E SÍMBOLOS

B. GRAMÁTICA E MORFOLOXÍA

ablat.	ablativo
acus.	acusativo
adx.	adxectivo
adv.	adverbio
dat.	dativo
f.	feminino
inf.	infinitivo
instr.	instrumental
loc.	locativo
m.	masculino
n.	neutro
ND.	nome dun deus
nom.	nominativo
NP	nome propio
pl.	plural
PPP	participio perfecto pasivo
sup.	supino
TP	topónimo
voc.	vocativo
xen.	xenitivo

ABREVIACIÓNS E SÍMBOLOS

C. SÍMBOLOS

>	resultado fonolóxico normal
<	reflexo do desenvolvemento fonolóxico normal
+	atestiguado dende
[]	resultado indirecto (ou analóxico)
?	reconstrución insegura
/X/	o fonema X
*X	elemento reconstruído

BIBLIOGRAFÍA

As referencias bibliográficas dadas ó longo do traballo seguen o sistema “nome-data” (categoría B), a excepción dalgunhas obras de manexo frecuente e común, que se indican en forma de abreviatura (categoría A).

A. ABREVIATURAS DE LIBROS

- DELG Pierre Chantraine, *Dictionnaire étymologique de la langue grecque: histoire des mots* (terminé par O. Masson, J.-L. Perpillou, J. Taillardat, avec le concours de F. Bader, J. Irogoin, D. Lecco, P. Monteil, sous la dir. De M.Lejeune). Paris, 1968-1980.
- NIL Dagmar S. Wodtko, Britta Irslinger, Carolin Schneider, *Nomina im Indogermanischen Lexikon*, Heidelberg, 2008.
- LIPP G. Dunkel, *Lexikon der indogermanischen Partikeln und Pronomina* (versión provisional).

BIBLIOGRAFÍA

B. LIBROS, ARTIGOS

- Bassols de Climent, M.
1981 *Fonética latina por Mariano Bassols de Climent, con un apéndice sobre fonemática latina por Sebastián Mariner Bigorra*. Madrid.
- Beekes, R..
1969 *The development of the Proto-Indo-European Laryngeals in Greek*. The Hage, Paris, London.
2010 *Etymological Dictionary of Greek*. Leiden, Boston.
2011 *Comparative Indo-European linguistics: an introduction*. Amsterdam, Philadelphia.
- Brandenstein, W.
1964 *Lingüística griega*. Madrid.
- Chantraine, P.
1974 *Morfología histórica del griego*. Reus.
- Clackson, J.
2007 *Indo-European linguistics: an introduction*. Cambridge.
- Darling Buck, C.
1963 *Comparative grammar of Greek and Latin*. Chicago, London.
- De Vaan, M.
2008 *Etymological Dictionary of Latin and the other Italic Languages*. Leiden, Boston.
- Ernout, A.
1953 *Morphologie historique du latin*. Paris.
1985 *Dictionnaire étymologique de la langue latine: histoire des mots*. Paris, Klincksieck.
- Fleury, E.
1971 *Morfología histórica de la lengua griega*. Traducción do francés por Cándido Flores Sellés. Barcelona.
- Fortson, B.
2010 *Indo-european language and culture: an introduction*. Oxford.
- Hackstein, O.
2012 “Reseña de Weiss 2009”, *Kratylos* 57, 109-115.
- Kretschmer, P.
1946 *Introducción a la lingüística griega y latina*. Madrid.
- Kümmel, Martin, Rix, Helmut & alii
2001 *Lexikon der indogermanischen Verben. Zweite, erweiterte und verbesserte Auflage bearbeitet von M.K. und H.R.* Wiesbaden.
- Lejeune, M.
1972 *Phonétique historique du mycénien et du grec ancien*. Paris.
- Mallory, James, P., Adams, Douglas. Q. (Edd.)
1997 *Encyclopedia of Indo-european culture*. London, Chicago.
- Maryhofer, M.
2005 *Die Fortsetzung der indogermanischen Laryngale im Indo-Iranischen*. Wien : Verlag der Österreichischen Akademie der Wissenschaften.
- Meier-Brügger, M.
2003 *Indo-european linguistics*. Berlín.

BIBLIOGRAFÍA

Nishimura, k.

Comunicación presentada na 14º conferencia da sociedade indoeuropea “Etymology and the European Lexikon”, University of Copenhagen 9/20/2012: *Vowel Lengthening in the Latin Nominal Lexikon: Innovation and Inheritance*.

Schrijver, P.

1991 *The reflexes of the proto-indo-european laryngeals in latin*. Amsterdam, Atlanta.

Sihler, A.

1995 *New comparative grammar of greek and latin*. New York, Oxford.

Weiss, M.

2009 *Outline of the historical and comparative grammar of latin*. Ann Arbor.

A. ORIXES

O punto de partida da teoría laringal atópase na obra de F. De Saussure publicada en 1879: *Mémoire sur le système primitif des voyelles dans les langues indo-européennes*. Nesta obra estudou o vocalismo indoeuropeo dunha maneira alxebrica, e a súa teoría partiu da observación de tres conxuntos de anomalías:

- A] anomalías nas correlacións entre vogais breves, fixando a atención no /a/ e no /o/.
- B] anomalías nas alternancias vocálicas: e/o/ē/ō/ø (modalidade básica).
- C] anomalías na estrutura básica das raíces indoeuropeas (CVC).

Saussure chegou á conclusión de que o responsable das anomalías era un antigo fonema, que se eliminara máis tarde. Postulou a existencia de dous fonemas que chamou *coeficientes sonánticos*, que representou como \mathcal{A} e \mathcal{Q} , dado que eran dúas as correlacións anómalas entre as vogais breves e dúas as series de alternancias vocálicas anómalas. Observou que o lugar que ocupaban ditos fonemas coincidía co ocupado polas soantes e consoantes, é dicir, ás marxes silábicas. Tamén viu que as alternancias vocálicas irregulares, grazas a estes fonemas podían encaixar no esquema básico de alternancias. Polo tanto, postulou a existencia de dous novos fonemas que tiveron a capacidade de alterar o timbre das vogais, e a súa cantidade no caso de que a vogal os precedese: $*\mathcal{A}e > a$, $*\mathcal{Q}e > o$, $*e\mathcal{A} > \bar{a}$, $*e\mathcal{Q} > \bar{o}$.

As ideas de Saussure non foron ben acollidas na súa época, só, nos anos seguintes, H.Møller as asumiu e fixo contribucións importantes á teoría laringal: observou que xunto ás dúas correlacións anómalas entre vogais que vira Saussure había unha terceira, e polo tanto que existía un terceiro tipo de alternancia vocálica, o que levou a un terceiro fonema que representou como \mathcal{E} . Tamén demostrou que os *coeficientes sonánticos* podían ocupar o lugar dunha vogal, e foi el o que acuñou o termo laringal, ó identificar os coeficientes sonánticos coas consoantes laringais do protisemítico.

As novas aportacións de Møller non fixeron máis atractiva a teoría laringal entre os estudosos. Foi co desciframento do hitita (1915) por B. Hrozný que se confirmou a teoría de Saussure-Møller. J. Kuryłowicz foi o primeiro lingüista en identificar os fonemas de Saussure con elementos testimoniados historicamente.

O inventario de laringais comezou a variar dun estudoso a outro. Kuryłowicz postulou a existencia de catro, outros pensan nunha soa, mentres que no outro extremo están os que falan de dez. Con todo, a teoría estándar, que conta con maior número de seguidores, é a clásica que establece tres laringais, que hoxe, se representan da seguinte maneira: $*h_1 = \mathcal{E}$, $*h_2 = \mathcal{A}$, $*h_3 = \mathcal{Q}$.

B. COMPORTAMENTO E EFECTOS DAS LARINGAIS

1. Laringais silábicas

Unha laringal vocaliza e pasa a ser silábica cando se atopa entre dous sons non silábicos. Normalmente, a vogal que resulta é de timbre /a/, pero hai excepcións, no sánscrito o resultado é un /i/. No grego cada laringal vocaliza nunha vogal de timbre diferente (o chamado “*triple reflexo*”).

No grego, armenio e frixio, as laringais que están en inicio de palabra e ante consoante, tamén vocalizan. Mentres que noutras linguas non vocalizan e desaparecen en certas ocasións (pódense ver restos nalgunhas linguas). Este fenómeno ten lugar no indoeuropeo.

2. Laringais non silábicas

Son tres os efectos das laringais cando non son centro de sílaba. O primeiro é o da coloración ou contaxio, é dicir o timbre que lle transmiten á vogal que ten ó lado, só teñen este efecto as laringais $*h_2$ e $*h_3$.

O segundo é a súa desaparición tendo ó lado unha vogal, que antes colorea. Este proceso pode ser que empezase a desenvolverse no indoeuropeo, pero non se completou ata máis tarde. Así no anatolio as laringais pódense ver como reflexos consonánticos.

O último dos efectos é o alargamento da vogal que precede á laringal cando esta desaparece. No anatolio non se produce este alargamento compensatorio porque as laringais non desapareceron.

Unha laringal entre vogais desaparece despois de colorear á vogal que se atopa no mesmo grupo silábico.

A estes fenómenos descritos brevemente, súmanselle outros secundarios e máis complexos, que foron tamén resoltos ó longo destes anos de investigación. Destes estudos xurdiu unha grande cantidade de leis aplicables sobre a teoría laringal nas distintas linguas.

LARINGAL ANTE VOGAL

No seguinte cadro comparativo resúmense os resultados de laringal ante vogal nalgunhas das linguas históricas:

IE	hit.	ia.	av.	gr.	lat.	gót.	esl.a.	lit.	irl.a.	arm.	toc.
* <i>h₁e</i>	(') <i>e/i</i>	<i>a</i>	<i>a</i>	ε	<i>e</i>	<i>I</i>	<i>e</i>	<i>e</i>	<i>e i</i>	<i>e i</i>	ä
* <i>h₂e</i>	<i>h</i>	<i>a</i>	<i>a</i>	α	<i>a</i>	<i>a</i>	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>a</i>	(<i>h</i>) <i>a</i>	ā <i>a</i>
* <i>h₃e</i>	(<i>h</i>) <i>a</i>	<i>a</i>	<i>a</i>	ο	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>o</i>	(<i>h</i>) <i>o/a</i>	<i>a e</i>

A continuación preséntase a listaxe de raíces seleccionadas para o estudo dos efectos e repercusións das laringais ante vogal. Á reconstrución indoeuropea acompaña una explicación dos fenómenos fonéticos que tiveron lugar no paso da indoeuropeo ó grego e ó latín.

**b^hruH-eh₂*- gr. [ὄ-φρύη, dór. -ᾱ f.] “altura”, “escarpe”, “escarpadura” (Heródoto; inscrición de Argos).

xerm. **bruwō-*, en ingl.a. *pluralia tantum* nom. acus. *brú(w)a*, dat. *brúum* “valente”.

**b^hru#H-eh₂*-. A laringal non alarga a cantidade da vogal á que segue por encontrarse en grupo silábico distinto. Tampouco coloreia a vogal que lle segue por ser de timbre indeterminado.

Produciuse a fricativización da aspirada labial (*b^h* > φ).

O termo grego ὄφρυη deriva de ὄ-φρῦς, -ύος < **h₃b^hruH-* “cella”, “sobrancello”, cuxa raíz é idéntica á que atopamos en sánscri. *bhrū-*, e en formas do céltico e xermánico: irl.a. *for-bru* (acus. pl.), sax a. *brū*.

Grazas os datos do av. *bruuat-biiqm* (dat. pl. f.), irl.med. *brúad* (xen. dual), e do gr. ὄβροῦτες ὄφρῦς. Μακεδόνες (glosa de Hesiquio), pódese falar dunha posible extensión en dental, aínda que a súa reconstrución é moi insegura.

Obsérvase o sufixo de formación de feminino **-eh₂*. Hai indicios que levan a sospeitar que o xénero feminino é de creación máis recente que a oposición básica entre animado-inanimado. Brugmann, que foi o primeiro que estableceu a teoría da bipartición do xénero, postulou que o feminino se orixinase a partires da fusión de semantemas femininos arquetípicos: **g^uene-/h₂* a partir deste falso corte crearíase a marca de feminino.

*-b^hs(h₂)-o- gr. ὄψων n. < *h₂o-b^hs-o- “todo alimento preparado ó fogo”; en Atenas e noutros lugares “peixe” (*Ilíada* +), “todo o que se come con pan”; en compostos ὄψο-ποιός “cocinheiro”.

Como se fai notar na reconstrución, a presenza dunha laringal non é segura; para a reconstrución do termo grego non é necesaria.

A aspiración da labial desaparece no encontro de labial e silbante.

Beekes 2010: 1139 propón a seguinte reconstrución: *h₁o-p-s > lat. *opsōnium* “viandas”, “plato, especialmente peixe”; *opsōno* “mercar carne”, “proveerse no mercado” > ὄψωνέω; *opsōn-ātor* (*nomen agentis*) > ὄψωνάτωρ.

Na proposta de Beekes inclúese a reconstrución do /o/ < *h₁o-, a laringal non colorea a vogal, nin tampouco a alarga pois a laringal *h₁ nunca colorea. Tanto Beekes como no NIL, reconstrúese unha laringal como inicio de palabra, debido á corrente de pensamento que defende a non existencia de vogais en inicio de palabra.

Taillardat (*apud* Beekes 2010: 1140) explica o termo coma unha tematización do adverbio *ὄψ, reconstruído a partires de ὄψέ “moito despois” e ὄψί (en lat. *obs-*). O ὄψων era un prato secundario. Esta proposta leva a pensar nunha comparación co mic. *o-pi*. Taillardat engade outros paralelos gregos co uso do prefixo ἐπι- máis verbos de comer, que teñen o mesmo sentido de “plato secundario”.

*-b^huh₂-eh₂- gr. ἀφύη f. “sardiña”, “anchoa” (Epicarmo, Aristófanes +).

*-b^hu#h₂-eh₂- [δῶ-δεκα < *δῑῶ- / δύω < *d(u)uō- *d̥ui- > lat. *bi-*].

A laringal non alonga a vogal que lle precede nin colorea a que lle segue porque unha laringal entre vogais desaparece despois de colorear á vogal que se atopa no seu grupo silábico, pero neste caso a vogal xa foi coloreada pola laringal que lle segue.

Beekes 2010: 180 propón: *b^hh₂u-. A laringal tampouco ten ningún efecto sobre a vogal.

Parece que o termo está formado por un prefixo privativo *a < *h₁. Esta formación pódese comparar cá do sánscri. *ábhva-* “monstro”.

*-b^huh₂-es- gr. -φύης con εὖ- “ben crecido” (*Ilíada* +), προσ- “unido a” (*Odisea* +), “nado para”, εὐρυ- “que cerece e se desarrolla” (*Odisea* +), ὑπερ- “que crece enriba”, “enorme”, “extrordinario” (Esquilo, Aristófanes +).

*- b^hu#h₂-es-. A laringal non alonga a vogal por estar en grupo silábico distinto.

*b^huh₂-eh₂- gr. φύή, dór. φυᾶ (*Ilíada* +), en composición con δια- “separación natural”, “articulación” (Platón +).

* b^hu#h₂-eh₂-. A laringal non alonga a vogal que lle precede por atoparse en grupo silábico distinto.

*d^h(a)lh₁-i- ?hit. *talli-* “favorable”, “propicio”, “benvido”, “oportuno”.

gr. NP Θαλί-αρχος.

A laringal *h₁- non colorea, polo que o timbre da vogal non se modifica.

Obsérvase o paso de *d^h > θ.

*d^h(a)lh₁-u- gr. θάλε-ια f. “florecente”, “espléndida”, “abundante” (*Ilíada* +).

A laringal é o centro silábico, polo que vocaliza nunha vogal de timbre /e/. Non se conserva a semiconsoante, pois no grego desaparece ó estar en posición intervocálica.

A posición do acento tamén chama a atención debido a que recae nun grao cero, isto indica que pode tratarse dunha forma recente, pois as palabras acentúanse, polo xeral, no grego, nos graos plenos: *ph₂-tér-s > gr. πατήρ (nom. sg.), *ph₂-tr-és > gr. πατρός (xen. sg).

Beekes 2010: 530 reconstrúe esta raíz coa presenza dunha laringal no lugar da vogal /a/: *d^h(e)h₂-l-.

No primeiro caso postulan a existencia da vogal /a/ nesta raíz indoeuropea, mentres que na segunda reconstrución explican a vogal como procedente dunha laringal. O problema da reconstrución do /a/ foi un tema moi polémico, e ven dado pola aceptación da teoría laringal. Existen varias posturas ó respecto, unha delas é a da escola de Leiden á que pertence Beekes, que consideran que o /a/ non era un fonema indoeuropeo, polo que a presenza desta vogal nas linguas históricas é o resultado da vocalización (e posterior xeneralización analóxica) do grao cero. Para outros estudosos, no entanto, si existe dito fonema, aínda que está bastante marxinado pola alternancia morfolóxica *e / o*. Dende o meu punto de vista, si debeu existir un fonema /a/ en indoeuropeo, e moitas formas mostran que, nalgúns casos, resulta difícil reducilas a secuencias con laringal: lat. *barba*; a.a.a. *bart*; esl.a. *brada* < *b^hǎd^hǎ; gr. ἄλς; lat. *sal*; gót. *salt*, toc. A *sāle* < *sāl (en toc. unha /ā/ pode vir dun /ǎ/).

A primeira declinación grega presenta dous grupos: o primeiro deles é o que, no grego primitivo e aínda en dórico, fai o nominativo en -ā, e o acusativo en -āv. O ā do grego primitivo pasou a η en xónico-ático, conservouse no xónico, pero no ático converteuse de novo nun ā despois de ε, ι, ρ. Así no ático temos un primeiro grupo cun nom. -ā, e cun acusativo -āv; e un segundo grupo con nominativo -η e acusativo en -ην. O segundo grupo dentro da primeira declinación é o tipo en -iǎ, cun nominativo en -ǎ, e un acusativo -ǎν. So nestes casos aparece a vogal breve, pois pola contracción cos sufixos, por exemplo cos de xenitivo -es e dativo -ei, o resultado é -ǎς e -ǎ. De novo, no ático habería a mesma subdivisión ca no primeiro grupo.

*d^hálh₁-es- gr. θάλος n. “vástago”, “retoño” (*Ilíada* +).

Beekes 2010: 530 presenta o /a/ como resultado dunha laringal *h₂: *d^h(e)h₂-l- (*vid. supra*).

A laringal *h₁- non colorea á vogal que lle segue.

O sufixo *-es sufriu o fenómeno da apofonía no nom., voc. e acus. singular nos nomes neutros da terceira declinación de tema en -s.

*d^holh₁-(i)io- lat. *folium* n. “folla” (Ennio, Catón +).

Tamén se pode atopar esta reconstrución *d^holH-io-, que deixa apreciar a indeterminación do timbre da laringal.

A laringal non colorea o /i/. O que se quere notar có dobre /i/ é que dita vogal se reparte en dúas sílabas (o que se chama *glide*).

Con frecuencia este termo relacionouse co gr. φύλλον < *b^hol-io- “folla”. Driessen (*apud* De Vaan 2008: 230) establece unha conexión coa raíz *d^hlH- “brotar”, “flor”. A cor da laringal poderíase determinar a partires do gr. θαλερός, aínda que a formación do termo grego pode ser recente e a partires da raíz *θαλό-.

Esta raíz contén o sufixo derivativo *-io / *-iō, neste caso reconstrúese tamén coa súa variante alofónica *-i(i)o. Para algúns estudosos este sufixo non é analizable, mentres que outros sospeitan que a súa orixe estea nun antigo locativo, trataríase polo tanto do *-i do locativo tematizada.

*d^halh₁-(i)ieh₂- gr. θαλία f. “talo novo”, “festa” (*Ilíada* +).

Pódese reconstruír o /a/ da raíz mediante unha laringal: *d^hh₂-l-. Neste caso reconstrúese a raíz cun grao cero, pois o grao pleno está no sufixo de feminino.

*-*d^hh₁-í-* véd. -*dhí-* “nube”, “mar”.
 av.r. *gaoi-ði-* “caldeiro para o leite”.
 ?lat. *orbis* m. “círculo”, “órbita circular”, “superficie da terra” (Catón, Lucrecio +).

Na proposta anterior, é dicir, a do NIL a laringal non afecta ó /i/. A etimoloxía do termo latino *orbis* foi moi discutida. Segundo Klingenschmitt (*apud* De Vaan 2008: 433) a reconstrución total do termo sería: **h₂(o)r-d^hh₁-í-*, interpretándoo como “o lugar onde se unen os radios dunha roda”. Pero esta proposta non tivo demasiada acollida.

A reconstrución que Adams propón para o termo toc. *yerpe* <**h₃érb^h-o-*, pódese aplicar perfectamente ó latín: **h₃érb^h-i-* > *orbis*. Algo semellante postula Driessen, di que se trata dun nome raíz **h₁örb^h-(i)-* (con abreviación por lei de Osthoff), ou **h₁orb^h-i-*, cun /i/ radical, e se a vogal longa do toc. fose secundaria. O toc. B *yerpe* explícao cun grao /e/ alargado <**h₁ēr^h-*, por cuestións de nivelación paradigmática.

Weiss propón tamén a reconstrución **h₃orb^h-i-*, dunha raíz verbal **h₃erb^h-* “xirar”, “dar voltas”. Vemos aquí o caso de alternancia cualitativa, é dicir, alternancia entre o grao /o/ que está presente normalmente nos nomes, e o grao /e/ empregado nos verbos.

Podemos ver como as reconstrucións vacilan entre unha primeira sílaba **h₂o-* / **h₃e-*.

Resulta interesante a explicación que Weiss dá para *urbs*, -*is*, di que se trata dun desenvolvemento de dita raíz, unha variante dialectal de *orbis*; *urbs* <**u(o)rb^h-i-*, dunha raíz **u^herb^h-*.

A forma latina *orbitae* e a umbra *urfeta* poden proceder da forma proto-italica **orfi/etā-*, con restauración da segunda sílaba do umbro. Weis analiza esta forma como unha raíz orixinaria en -*t*: **orfi-t-*, que derivou dunha raíz en /i/: **orb^h-i-*, forma da que, perfectamente, pode vir *orbis*.

No védico o /h/ que aparece é o resultado da aspiración da dental. Tamén tivo lugar no latín o paso de **d^h* > *b*, o paso da dental aspirada a labial sonora ten lugar cando esta se atopa en interior de palabra.

*-*d^h(h₁)-ó-* véd. -*dhá-* “por”, “procurar”, “obter”, en *samdhá-* “unión”, “reunión”, “fusión”.
 ?gr. ἄγα-θός “bo”, “de boa calidade”, “nobre” (*Ilíada* +).
 lat. -*dus*, -*bus* en *foedus*, -*a*, -*um* “feo”, “sucio”, “funesto”, *foedus -eris* n.
 “tratado”, “alianza” (Plauto +), *acerbus* (Plauto, Catón +).

Vacílase entre considerar esta forma como indoeuropea ou coma un préstamo do semítico.

A laringal non se reconstrúe para esta raíz con total seguridade. En ningún dos exemplos propostos é necesaria a súa reconstrución, pois, seguramente, xa tiña desaparecido antes do paso ó grego e ó latín.

A etimoloxía do termo grego foi bastante discutida, Beekes 2010: 7 considera esta forma como pertencente ó substrato europeo, Pinault (*apud* Beekes 2010: 7) considéraa unha forma indoeuropea e faina derivar de **ṃĝh₂-d^h(h₁)-ó-*, aínda que considera que o sufixo -*d^ho-* é raro. Este termo presenta algunhas variantes como ἄκαθόν, χάσιος, se estas variantes son fiables, este termo podería ser pre-grego.

O termo tamén se podería explicar como composto cun prefixo aumentativo ἄγα- e -θός (DELG 1968: 6).

O gr. ἄγα- <**ṃĝh₂-* > lat. *mag-is*, P. Schrijver di que “*ma*” podería ser o reflexo regular de **ṃ* ante oclusiva sonora mais consonante: lat. *ingens* <**ṃĝh₂-ént-*.

?**d^hoh₁-ieh₂-* gr. θωή f. (*Ilíada*, *Odisea*), át. θωά (inscrición), θωυή, θωή (Arquíloco, inscrición xónica) “castigo”, “pena”, “agravio”.

A laringal longa, pero non colorea a vogal que lle precede. Nun principio púidose crer que en indoeuropeo so existía unha vogal básica /e/, pero a cantidade de datos estudados permiten rexeitar esta proposta. Así, no caso da vogal /o/, non hai necesidade de remontala en todas as reconstrucións a unha laringal *h₃.

No xónico e no ático a semiconsoante desaparece por atoparse entre vogais. Mentres que nas últimas dúas formas se conserva, incluso nunha delas vemos, de novo, o fenómeno do *glide*, ese é o motivo polo cal non desapareceu entre vogais (cf. xen. gr. en *-oio* [-*oio*] < *-*osjo*).

Trátase, para moitos, dunha formación en -ιά que deriva, con frecuencia, da forma verbal τίθημι < *d^heh₁- “por”, “colocar”, unha posible tradución sería “o castigo establecido”, pero con grado /o/ na raíz do substantivo. Algúns tachan de simplista esta solución.

- *-*ĝnh₁-ó-* av.r. *āsna-* “conxénito”.
 gr. *νεο-γνός* < *γίγνομαι* “recén nacido” (himno a Ceres, himno a Mercurio, Esiquio, Eurípides +).
 frix. *ουεγνῶ* (*ουῶ*) < **ouegno-* < **sue-gh₁-o-* “que se creou a si mesmo”.
 lat. *-gnus* < *gigno*, en *prīvi-* “fillastro”, *mali-* “malvado”, *beni-*, “benigno”.
 célt. **-gno-* en gal. dat. sg. *certio-gnu* “primoxénito”.
 gót. *niuklahs* “menor de idade”, “inmatureo”.

A laringal desaparece tras soante e precedendo a unha vogal. Esta raíz mostra que as soantes son máis abertas cas laringais.

O termo latino *malīgnus* foi creado coma un antónimo de *benīgnus*, cun sentido orixinario de “pouco xeneroso”, non co sentido posterior de “cruel”. Para o termo *prīvīgnus*, Nussbaum (*apud* De Vaan 2008: 261) reconstrúe **preiŷ-gno-* “nacido por separado”, que evolucionou semanticamente a fillastro. A evolución a *-ignus*, no lugar de a *-ognus*, explícaa por unha analoxía con *bigno-* “xemelgo”.

É discutida a procedencia do termo latino *apru-gnus* “propio do xabalí” (Plauto), Pokorny e Bader (*apud* NIL: 114) propoñen un primeiro elemento *aper-*: < **apro-ĝn-o-* “xabalí”. Pola contra, Leumann e o Oxford Latin dictionary (*apud* NIL: 114) desvotan esta posibilidade reconstruíndo *aper* + *-agnus* (cf. lat. *caprūginus* “veado”). Ernout e Meillet (*apud* NIL: 114) din que non se trata dunha palabra composta, senón dunha derivación a partires dun substantivo de tema en velar ó que se lle engade un sufixo *-no*: *salix* + *no-* > *salig-nus*, non *sali-gnus*.

- **sem-ĝnh₁-o-* ?[gr. ἕγγω]· εἷς. Πάφιοι (glosa Hesiquio).
 [lat. *singulus*] (Plauto, Catón) “único”, “un por un”.

No grego produciuse a apertura do /e/ que pasa a /i/ diante de nasal, e disimilación, coa perda do /n/, en **semĝno-*. Na glosa aparece acompañado dun numeral en masculino, pero no LIPP (*apud* NIL: 145) dísenos que antes ía acompañado dun abstracto, “unidade”, ou cun adxectivo feminino, “unha”.

No caso do latín, a forma en singular *singulus* non aparece empregada máis que en Plauto e Catón, pois expresa unha unidade entre unha multitude, polo que, normalmente, se emprega en plural. O enunciado deste adxectivo é *singulī, -ae, -a*. Temos derivados como *singulārius* “separado” (Plauto), *singulāris* “singular”, “único” (Varrón), *singillātīm* “un por un” (Plauto).

O NIL: 145 recolle a postura de Meiser. Este propón que a raíz debeu contar cunha partícula distributiva **-g^h-* (cf. gr. δίχα), que sería sufixada máis tarde con **-lo-*. A reconstrución indoeuropea que propón é: **s(e)m-g^h-* > PIt. **sem-g-(lo-)*. Rexeita, polo tanto, a reconstrución tradicional que relaciona este termo cá raíz verbal **ĝneh₁-*.

***ġnh₁(i)io-** gr. ὁμό-γεν-ιος “da mesma raza”, “protetor da familia” (Sófocles, Eurípides +).

irl.a. NP *Cunníne*.

gal. NP -*gnio-* en *Tessignius*.

Trátase, no grego, dun nome composto por o sufixo derivativo [-(i)io] e o verbo γίγνομαι.

***ġnh₁-t-** gr. ἴγνητες < *ἔν-γενη-τ-ες pl. “indíxena” (Esquilo, Demóstenes, Hesiquio), “nome dun vello habitante de Rodas” (Simias).

Trátase dun composto de ἔν máis a raíz *ġnh₁- > γίγνομαι, máis un sufixo -τ-.

O centro silábico é a soante, o η é o resultado da vocalización da soante nunha vogal de timbre /a/ (ā > η), alargada pola laringal.

***ġnh₁-es-** véd. *jānas-* “xénero”, “familia”.

gr. γένος n. “orixe”, “nacemento”, “raza”, “familia” (*Ilíada* +), en composición εὖ-γενής “nobre”, “ben nacido” (Esiquio, Eurípides, Sófocles +), “xeneroso”, διο-γενής “nacido do Xúpiter”, “divino” (*Ilíada* +).

mic. NP -*ke-ne* en *e-ke-ne*.

lat. *genus*, -*eris* n. “familia”, “xeración” (Nevio, Ennio +), lat.a. inf. *genere* “procrear”, “dar a luz”.

O que temos no grego é unha apofonía no nom., voc. e acus. sg. neutro dos nomes da terceira declinación en -s. No latín tamén se produciu un peche na articulación do /e/ final.

***ġnh₁-es-eh₂-** gr. γενεά, χόν. -ή f. “nacemento”, “lugar ou data de nacemento”, “raza” (*Ilíada* +).

De novo a laringal desapareceu despois da soante. A sigma caeu por atoparse en posición intervocálica, e o ā é o resultado da laringal *eh₂.

***ġnh₁-o/eh₂-** ?lat. -*genus* en *capri-* “caprino”, “nado dunha cabra” (Pacuvio +), *primi-* “primitivo”, “primixenio” (Lucrecio +).

gal. *Reitugenus*, *Litugenus*.

célt. *-*gena-* en gal. NP *Litugena*, *Ogam inigena*.

Vid. *Supra*.

***ġnh₁-éh₂-** gr. γονή f. “xeración”, “procreación”, “parto”, “fillo” (*Ilíada* +).

Vid *supra*.

***ġnh₁-uo-** lat. *in-genuus* “nativo”, “natural”, “indíxena” (Plauto +).

Desaparece de novo a laringal. Estamos ante un composto cun prefixo *in-* “en” mais *genus* “nado en”. O /u/ final é o resultado do peche do /o/ orixinario en sílaba final.

***(-)ġnh₁etó-** lat. *genitus* PPP de *gigno* “xerado”, “xestado”, “dado a luz” (Acio +).

Adxectivo verbal en -*to*. O /e/ en sílaba interior abéchase en /i/, e o /o/ do sufixo pecha en /u/.

***ġnh₁-eteh₂-** gr. ND γενετή f. “nacemento” (*Ilíada* +).

lat. ND *Genita Māna* “deusa do parto” (hapax en Plinio).

osc. dat. sg. *genetaí* “filla?” en ND *Deívaí Genetaí*.

A evolución da laringal do sufixo de feminino é a normal: gr. *eh₂ > ā > χόν. η; lat. ā.

***(-)g^host(h₂)i-** lat. *hostis*, -is m. “estranxeiro”, “inimigo de guerra” (Lei das XII Tablas, Nevio +), en composición *hospes*, -pitum xen. pl. “hóspede”, “viaxeiro” (Ennio, Plauto +).
xerm. *gasti- “hóspede”, “invitado” en gót. *gasts*, nór.a. *gestr*, ingl.a. *giest*, s.a., a.a.a. *gast* “hóspede”.

Na reconstrución proposta polo NIL a postulación da laringal non é necesaria para o termo latino.

Segundo De Vaan 2008: 291, “invitado” podería derivar da raíz *g^{(u)h}es- (mellor neste caso de *g^hes-) “comer”, “devorar”, do sánscr. *ghas*-. Ademais o sufixo -ti- non é o normal nun *nomen agentis*, pois non ten o grado /o/, como é o habitual.

Heidermanns (*apud* De Vaan 2008: 291), pola súa banda, propón a seguinte reconstrución: *g^hosth₂i- “estar apartado”, da raíz *g^he/o- “este”, e *sth₂- “estar de pé”. Esta proposta, como ben di Michiel de Vaan, tanto semántica como foneticamente, non se lle pode facer ningún tipo de obxección, pero non se atopan paralelos noutras linguas históricas onde o primeiro elemento do composto sexa unha raíz pronominal.

Vine retoma a idea de que *hostis* deriva da raíz *g^hes- “tomar”, “dar en cambio”, ó igual que *hostus* (cf. De Vaan, 2008: 291). Segundo Vine podería tratarse dun adxectivo formado sobre un nome abstracto como “cambio” ou algo similar.

Hospes, -itis (*vid. supra*), é un composto de *hostis* máis a raíz de *potis*. Esta raíz parece confirmarse en *impos* ou *compos*, trataríase, entón, dunha raíz en consonante, no entanto, *compoīre*, deixa ver que, sería unha raíz de tema en -i.

Nomes derivados como: *hosticus* “de inimigo, adversario”, *hostilis* “do inimigo”, “hostil”, *hostificus* < *hostis* + *facio* “inimigo”, “hostil”, “funesto”.

***-g^hh₂-u-** gr. en πρέσ-βυς (Píndaro +), πρεῖ-γυς (inscrición dórica) “vello”, “ancián”, “respectable”.

lit. en žmo-gùs, -gaūs “persoa”, “ser humano”.

Esta reconstrución inclúe unha laringal, que nin colorear nin alonxa a vogal que lle segue, Existe unha especie de “panlaringalismo”, é dicir, facer derivar as vogais sempre de laringais.

Resulta atractiva a forma πρεῖγυς. O dialecto dórico e o grego moderno contan con varias formas que presentan unha γ no lugar dunha β, ademais dunha sílaba inicial diferente: cret. πρεῖγυς, πρεῖγιστος, comparativo πρεῖγων, tamén πρει-εύω, de onde -ευτάς, -ήϊα, -εῖα; tamén locr. πρεῖγα (f.) “dereito de ancianidade”, “dignidade”; πρεσγευτάς, πρεγγ-; máis tarde πρήγιστος con -ιστεύω (Cos); πρεσγέα = πρεσβεία (Argos); πρισγε(ι)ες (Boecio), poida que se trate dun itacismo de πρεις-.

Beekes 2010: 1231 reconstrúe *pres-g^heu-, *preis-g^heu-.

Semella que a base común a todas estas formas é πρεσγ-, con /z/, así o fai evidenciar a forma délfica πρεζβευτάς. Os diferentes desenvolvementos fonéticos que experimentou esta base son moi debatidos e certamente non se pode concretar nada con detalle. Segundo Beekes, a vacilación entre β e γ podería sinalar que en orixe houbo unha labiovelar sonora *g^h. O primeiro elemento do composto é para de este autor unha palabra invariable, un adverbio (πρέξ “en fronte”, cf. πρός). Pero a orixe do segundo é debatida. Hai quen o compara co sánscr. *puro-gavá*- “guía”, “caudillo”, onde o segundo termo deriva da raíz *g^heu- “ir” (unha variante de *g^hem-), sendo o seu significado orixinario “o que marcha diante”. A conexión que se pode establecer coa raíz de tame en -u do arm. é moi atractiva: *erēc*’, xen. *eric*’-u “maior”, “ancián”, “sacerdote”. Pode derivar da raíz *preisg^hu-, a cal, en moitas ocasións, se conecta co lat. *prīscus* “arcaico”, “antigo”, “vello”, “venerable”. Tamén se pode pensar que πρεισ- ten a mesma orixe co lat. *prīs, que atopamos en *prīmus* < *pris-mo- e en *prīs-tinus*.

?***g^hih₃-o-** gr. βίος m. “vida”, “existencia” (*Odisea* +).

A laringal no alonga a vogal que lle precede por atopárense en grupo silábico distinto:

***g^hi#h₃-o-**. En moitas das linguas históricas a laringal deu lugar a un /i/: av. *jī-ti-*, esl. a. *ži-tь*, lat. *vīta*, osc. *bīitam* (acus.); ou co sufixo *-uo-*: sánscr. *jīva-*, esl. a. *živь*, lat. *vīvus*; os presentes temáticos derivan deste adxectivo: sánscr. *jīvati*, esl. a. *živю*, lat. *vīvō*. grego. Non atopamos ningunha forma con *ī* no grego.

?***g^hih₃-oto/eh₂-** gr. βίωτος m. “vida”, “modo de vida” (*Ilíada* +), βιοτή f. “vida”, “subsistencia” (*Odisea* +).

Temos a mesma raíz que no caso anterior, pero cun sufixo distinto.

Con grao pleno na raíz temos: ***g^hieh₃-** > ζωή f. “vida”, “duración da vida”, ζῶον n. “ser viviente”, “animal”.

?***Hōm-ó-** gr. ὀμός, -ή, -όν “cru”, “non cocido”, “duro”, “cruel” (*Ilíada* +).

No NIL reconstrúese unha laringal inicial indeterminada, pero non é a causante do alongamento da vogal que lle segue. Beekes 2010: 1680 postula a seguinte raíz:

***HeHmo-**, a segunda laringal sería a responsable do alongamento da vogal.

Cos datos que nos proporcionan o sánscr. *āmá-* e o arm. *hum* < **ōmó-*, Beekes reconstrúe **h₃eHmos* ou **h₂eh₃mos*.

***-h₁ēd-** véd. *-ád-* en *madhv-* “comida agradable, *havir-* “disfrutar da comida do sacrificio”.

lat. *hērēs*, *-ēdis* m. (f.), acus. sg. *hērem* (Nevio +), dat. sg. *heredei* “herdeiro” (CIL ²I 585.67,68)

Trátase da raíz do verbo “comer”, pero non todos reconstrúen unha laringal, senón que tamén **ed-*. A laringal **h₁-* non colorea a vogal.

No termo latino, moitos estudosos, como Schrijver 1991: 122, 139 ven un composto de ***g^heh₁ro-** e a raíz ***h₁ed-** “comer”. Aínda que a outros moitos non lle convence esta proposta.

Nussbaum (*apud* De Vaan 2008: 283) explica *hērēd-* como unha substantivación en **-o / ed-* do adxectivo ***g^heh₁ro-** “neglixente”, “abandonado”, “ruinoso”, idéntico ó gr. χῆρος.

***-h₁ed-ŕ-** [gr. εἶδαρ, -ατος n.] < *εἶδαρ, -ατος “comida” (*Ilíada* +), εἶδαρ βρωμα (Hesiquio).

Pódese comparar co sánscr. *vy-advar-á* “roedor” e *agrādvan-* “acción de comer” (*agr-advan-*).

En Homero atopamos a forma ἦδαρ, por analogía, seguramente, con ἦπαρ. A soante desenrola unha vogal de timbre /a/ e mantense.

***h₁ed-on-** lat. *edō*, *-ōnis* m. “lambón”, “que come moito” (hapax en Varrón).

O termo é un derivado do verbo *edō*, *ēsse* “comer”.

?***h₁ed-u-ro-** [gr. ὀδύρομαι] “queixarse”, “lamentarse” (*Ilíada* +).

Beekes 2010: 1048 propón ***h₃d-ur-**, un tema en *-r*. A reconstrución anterior recolle a postura de Schindler (*apud* NIL: 214) que di que se trata dun verbo denominativo, a partires do adxectivo en *-ro-* ou *-uro-*.

Este tema en *-r* alterna cun tema en *-n*, que o atopamos en ὀδύνη “pena” (*Ilíada*), eol. acus. pl. ἐδύνας (Gregorio de Corinto) < ***h₁ed-un-eh₂-**.

***h₁ed-tu-** véd. inf. *áttave* “consumir”.
lat. sup. *ēsum* (*essum* Plauto), *esu* (M. Cornelio Fronto) “comer”.
lit. sup. *ėstu*, let. sup. *ėstu* “comer”.

O /ē/ do lat. débese á lei de Lachmanns (nas secuencias **edt-* (> *ēss-*) e **eds-*); lat. *ellum* < **edlo-*, *ēscā* < **ed-sk-a*/**h₁ēd-s-keh₂-* > lit. *ėskà* “comida”, “apetito”. Acontece o mesmo no participio de pasado pasivo **h₁ed-to-* > lat. *ēsus*.

Na forma indoeuropea non hai necesidade de reconstruír unha vogal longa. No lit. actuou a lei de Winter.

***h₁ēd-es-** lat. inf. *ēsse* “comer” (Nevio +).
Meiser propón: *ēsse* < **h₁ed-se* < **h₁ed-si*. Parece que a desinencia de infinitivo activo remonta a unha desinencia de locativo de tema en *-s*. Temos, entón, a seguinte evolución: *-si* > *-se* > *-re*. Esta hipótese susténtase no testemuño de *esse* e *velle* (**vel-se*), no infinitivo de perfecto activo en *-is-se*, e no paralelismo con indio antigo *ĵivasē*.
No canto de *ēsse*, tamén se atopa a forma *ēdēre*.

***h₁ed-ĵo-** véd. *-ádyā-* en *hāvīr-* “consumir”.
?lat. *pran-dium* n. “almorzo” (Plauto +).
No latín temos unha palabra composta cun primeiro elemento **prh₃-mo-* “primeiro” > prus. a. *pīrmas*, lit. *pīrmas*, gót. *fruma*, e a raíz do verbo *edō* (**h₁ed* / **ed-*), máis un sufixo derivativo *-ĵo-*: **prāmo-ed-io-* > *prandium* “primeira comida”. Esta é a proposta de De Vaan 2008: 486. LIPP (*apud* NIL: 218) di que o primeiro elemento **prh₂-m* procede do preverbio **prh₂o* “diante de”, “ó principio”.

***h₁ĵ-ó-** gr. *πεζός* < **ped-h₁ĵ-ó-* “pedreste”, “que vai a pé” (*Ilíada* +).
A laringal non alonga o /i/ por precedela. Dental mais iode dá como resultado unha ζ.
A reconstrución **ped-h₁ĵ-ó-* que atopamos no NIL, inclúe a laringal, mentres que a proposta de Beekes 2010: 1161 non: **ped-ĵ-ó-*. , Coa excepción do acento, este termo é formalmente idéntico ó que temos no sánscr. *pád-ya-*.

***h₁i-t-** véd. *-it-* en *prātarítvan* “a mañá que chega”.
lat. *-it-* en *comes*, *-itis* m. / (f.) “compañeiro”, “socio”, “aliado” (Plauto +);
pedes, *-itis* m. “peatón”, “o que vai a pé”, “soldado de infantaría” (Plauto, Catón +).

A laringal non alonga o vocal por precedela. Trátase dun composto (no caso do latín, *com-* e *ped-*), máis a raíz do verbo “ir” ampliada cun sufixo indoeuropeo **-t-*. No nom. sg. *-et-* substitúe a *-it-*, por analoxía cos nomes da terceira declinación de tema en *-t-*: *aurifex* (< **-fak-s*), *aurificis*, así *pedes*, *peditis*.

***(-)h₁i-t-ĵo-** véd. *-ítya-* en *pratítya-* “ir cara alguén”, *prétya-* “morto”, “no outro mundo”, “despois da vida”.
lat. *-itium* en *comitium* n. “comicio” (Lei das XII Táboas, Plauto +), con *ex-* “ruína”, “pérdida” (Ennio +), *in-* “principio”, “comezo” (Terencio +).

Temos o mesmo composto que no caso anterior, so que se lle engadiu o sufixo derivativo *-ĵo-*. Outro derivados de *comes* son: *comitiālis* “relativo ós comicios” (Plauto), *comitārī* “acompañar” (Lucrecio), *comitiātus* “assemblea do pobo nos comicios” (Lei das XII Táboas).

***h₁i-ter/n-** hit. *itar* “camiño” (hapax).
 [lat. *iter*, *itineris*] n. “camiño”, lat.a. nom. acus. sg. *itiner* (Ennio), xen. sg. *iteris* (Nevio), ablt. sg. *itere* (Acio).
 toc. A *yītār* < *h₁tōr (semella seguir un colectivo en *-ōr).

De Vaan 2008: 311 reconstrúe *h₁éi-tr, é dicir, un grao pleno na raíz para os casos rectos, e para o xen. sg. *h₁i-tén-s, e o loc. sg. h₁i-tén un grao cero na raíz. É dicir, estaríamos ante un neutro proterodinámico. O nom. sg. en -er parece indicar *ēr. Esta forma xunto co lat. */aser/ “sangue” -se esta é a reconstrución correcta-, poderían ser as únicas formas en -er de raíz en r/n.

Poderíase pensar que o nom., acus. sg. *iter* substituíu moi cedo a *itur < *itor << *h₁éi-t_ḡ. Klingenschmitt e Meiser (*apud* De Vaan 2008: 311) dixeron que a única forma posible para un nome neutro era un nom. sg. *h₁i-tēr e un xen. sg. *h₁tn-és. Meiser apunta que o que serviu de base para o xenitivo *itin-eris* foi o loc. sg. *h₁i-tén. O /e/ do nom. e acus. (*iter*) podería ser analóxico co /e/ de -en-. Schrijver 1991: 74, pola súa banda, reconstrúe *h₁i-t_ḡ.

Willi (*apud* De Vaan 2010: 311) apunta que -neris procede dos nomes neutros abstractos en -nus, -neris como *facinus*, *facinoris* “feito”, “crime”. En opinión de De Vaan, aínda non se atopou ningún modelo que encaixara á perfección, pero esta explicación parece ser a mellor dada ata o momento.

Leumann (*apud* NIL: 225) propón que as variantes *itiner* (nom. acus. sg), *iteris* (xen. sg) se deben a unha contaminación co xen.sg. *itineris*. Meiser (*apud* NIL: 225) explica *itiner* a partires do loc. sg. *h₁i-tén + -er.

***h₁éj-tor-** véd. *étar-* “que camiña”, “camiñante”
 lat. *praetor*, -ōris m. “pretor”, “o que marcha á cabeza” (Lei das XII Táboas, Nevio, Plauto +), lat.a. *praitor* (CIL I.2² 41, 1513).

A laringal non alonga a vogal que lle segue. Na raíz hai grao pleno, e conta cun sufixo -tor de *nomen agentis*.

No lat. a vemos que aínda non se produciu o paso do antigo ditongo *ai* > *ae*.

***(-)h₁i-tu-** lat. *itus*, -ūs m. “ir”, “marchar” (Cicerón, Lucrecio +), en composición con *ad-*: *aditus* “aproximarse”, “chegar”, “alcanzar” (Plauto +), *abitus* “saída”, “partida” (Plauto +), *ambitus* “movemento circular” (Varrón +), *circu(m)itus* “acción de dala volta, marcha circular” (Varrón +); supino *itum*, *itū*.

A laringal non alonga a vogal. Estamos ante un grao cero na raíz.

***h₁ej-tu-** véd. *svaitu-* “con marcha propia”, inf. *étum*, *étave* “ir”, “camiñar”.
 lat. *simītū* “simultáneo”, “ó mesmo tempo” (Plauto +).

Temos a mesma raíz ca no caso anterior, pero con alternancia cuantitativa na raíz, pois neste caso temos un grao pleno.

***(-)h₁i-tó-** véd. -itá- en *ud-* “andar sobre”, *su-* “andar ben”.
 av.r. -ita- en *duž-* “dificilmente accesible”, “dificultade”, “perigo”.
 gr. -ιτός en ἀμαξιτός < εἶμι + sufixo -το-, adx. “transitable para os carros”, “frecuentado polos carros” (Píndaro, Xenofonte), m. “camiño” (*Ilíada*).
 lat. PPP *itus* “ir”, “camiñar” (Ovidio, Tácito).

A laringal non alonga a vogal. Temos un grao cero na raíz.

****ui-h₁i-tó-*** i.a. *vītá-* “pasado”.

lat. **-ito-* a patires de *vītāre* de *vītō* “evitar” (Plauto +).

xerm. **wīda-* “agora” en nór.a. *vīðr*, ingl.a., fris.a., sax.a. *wīd*, a.a.a. *wīt*.

De Vaan 2008: 684 propón a seguinte reconstrución: **uih₁-tó-*. A cantidade larga do /i/ ven dada pola laringal que ó desaparecer alarga a vocal que lle precede. No entanto, Walde (*apud* De Vaan 2008: 684) asume **ui-itō-*. Di que **ui-* < **dui i* é un preverbio co significado de “aparte”.

Formalmente é posible establecer unha conexión con *invītus* < **n-uiH-to-* “de mala gana”, “obrigado”. O que se quere sinalar establecendo esta conexión é que o **uiH-* estaría escondendo unha segunda persoa de singular do verbo *volo*: *vīs* “queres”.

****h₁ói-to-*** gr. οἶτος m. “sorte”, “destino” (*Ilíada* +).

irl.m. *oeth* “xuramento”.

xerm. **aiPa-* “xuramento” en gót. *aiPs*, nór.a. *eiðr*, ingl.a. *āð*, fris.a. *ēth*, sax.a. *ēd*, a.a.a. *eid*.

Algúns estudosos móstranse escépticos ante esta reconstrución para o xerm. e o célt. pola discrepancia semántica.

A laringal nesa posición non causa ningunha alteración. O gr. οἶτος pode derivar da raíz de εἶμι “ir”: **h₁oi-to-*, esta proposta é formalmente posible.

Beekes 2010: 1063 propón unha laringal **h₂*: **h₂oi-to-*, a laringal **h₂* non alarga nin coloreo a vogal /o/.

Bartholomae (*apud* Beekes 2010: 1063) propuxo identificar o av. *aēta-* < **h₂ei* “castigo”, “culpa” co gr. οἶτος, baixo un significado orixinal de “parte”, “participación”, non podéndose separar de αἶσα “parte igual”, αἴτιος “autor”, “causante”, etc., o que podería reflectir un ablaut **h₂ei* / **h₂oi*. Entón o gr. οἶτος derivaría de **h₂oi-to-* co significado orixinal de “o que foi concedido”; semanticamente esta proposta é moi convincente.

****h₁ékū-o-*** véd. *ásva-* “cabalo”.

Mitanni NP *Bi-ri-da-aš-ua* (**prīta-ašva-*).

av.r. *aspa-* “cabalo”, av.a. NP *Vištāspa-*.

[gr. ἵππος] m., f. “cabalo” (*Ilíada* +), colectivo, f. “equitación” (Heródoto);

[ἵκκος] m. “cabalo” (*Etymologicum Magnum*), NP Ἴκκος (macedonio, tarentino, de epidauro).

mic. *i-qo* “cabalo”.

lat. *equus* m. “cabalo” (Livio Andronico +).

vén. acus. sg. *ekvon* “cabalo”.

Todos os estudosos parecen apuntar a unha mesma reconstrución: **h₁ékū-o-*. Kloekhorst (*apud* Beekes 2010: 598) postulou que as formas anatolias (luv. *ašu-*, lic. *esb-*) sinalan un nome atemático: **h₁ékū-*, e que esta forma se debeu tematizar no indoeuropeo (**h₁ékū-o-*), despois da separación do anatolio. A partir desta forma o resultado grego esperado sería **ἕππος*, pero non é así, a forma histórica do grego presenta un vocalismo *i*, para o que se postula unha orixe micénica. Outro problema da forma grega é a aspiración inicial. Hai quen intenta relacionar o termo grego con ὠκύς “rápido”, “veloz”.

A presenza dun /i/ na forma grega pódese explicar seguindo a proposta que recolle Hackstein 2012: 110-112. Neste caso dito autor postularía a existencia dun grao cero (**h₁kū-o-*). El propón que neste contexto onde á laringal lle seguen dúas consoantes se produciu o desenvolvemento dun *schwa secundum* que é o que en grego deu orixe a ese timbre /i/. Esta explicación permite solucionar numerosos problemas reconstructivos, por exemplo, na problemática aparición dun /a/ no latín acando temos unha laringal **h₁-*.

Os compostos co termo grego son moi abundantes; temos, por exemplo *bahuvrīhis*: λεύκ-ιππος “cabalo branco”, persoa que manda: ἵππό-δαμ-ος “domador de cabalos”, compostos determinativos: ἵππο-τοξότης “arqueiro montado a cabalo”, compostos nos que o segundo elemento se transformou: ἵππο-πόταμος < ἵππος ποτάμιος “cabalo de río”, “hiporótamo”, ἵππ-αγρος < ἵππος ἄγριος “cabalo do campo”, “cabalo salvaxe”.

Derivados como: **h₁ek₂-(i)jo-* > véd. *ásv₁ya-*, *ásvya-* “dende o cabalo”, “consistindo en cabalos”, n. “manada de cabalos”, *ásv₁yá-* n. “manda de cabalos”; gr. ἵππιος, -ον, e -α, -ον “cabalar”, “hípico” (Píndaro, Alceo); mic. *i-qi-ja* “carro”.

Tamén no latín temos derivados de *equus*: *equa* “egua” (Plauto), *eculeus* “poldro” (Varrón), *equāria* “manda de cabalos” (Varrón), *equitātus* “cabalería” (Catón).

**h₁er-*j*-et-* [lat. *ariēs*, -*etis*] m. “carneiro” (Plauto, Ennio +).
umbr. acus. sg. *erietu* “carneiro”.

O /a/ do latín pode deberse á influencia de termos como *caper* “macho caprino” ou *aper* “xabaril”.

De Vaan 2008: 54 reconstrúe **h₁r-*j*-(e)t-*. Explica que **ariet-* debeu dar **arīt*, por apofonía, e que a secuencia *-iet-* debe provir de **iēt*, ou dunha introdución analóxica de formas que conteñen **-iēt-*. O nom. sg. do latín analízase normalmente como *ariess*, pero os escasos exemplos fiables de *-ss* atopámoslos en Plauto (*es* /*ess*/ “es”; *mīles* /*mīless* “soldado”). Pero o grupo *-ss* moi pronto se abreviou e xa en Ennio atopamos *es* e *mīles*. No latín clásico seguiu sendo longa a última sílaba do nom. sg. (*ariēs*), pero explícase polo /e/ que se analizaba como longa. Pénsase que o paradigma orixinario alternaba entre **ar-* e **er-*. A forma itálica podería entón proceder da raíz **h₁er-*, pero é difícil reconstruír unha correspondencia completa.

Schrijver 1991: 66 di que o vocalismo /a/ do termo latino, é unha desas formas con /a/ que non teñen unha explicación. Hai moitas teorías que intentaron explicar este vocalismo, por exemplo, pensábase que un antigo vocalismo /e/ ou /o/ daba no latín un /a/, antes do desenvolvemento do acento indoeuropeo.

**h₁er-i-b^ho-* gr. ἔριφος “cabrito” (*Ilíada* +), en pl. nome dunha constelación de estrelas (Demócrito, Teócrito).

A mesma raíz ca nos caso anterior, pero cun sufixo diferente.

?**h₁es-tu-* gr. ἀπεστύς ἡ ποχώρησις “ausencia” (só en Hesiquio).

A laringal non alonga nin colorea a vogal que lle segue. Explícase este termo como **h₁es-* mais un sufixo de *nomen actionis*.

**h₁órs-o-* hit. *ārra-* “traseiro”.
gr. ὄρρος m. “oso sacro” (Aristófanes +), en composición ὄρροπύγιον n. “extremidade da columna vertebral” (Aristóteles), χόν. ὄρσοπύγιον “rabo”, “cola” (inscrición), παλίνορσος “que se lanza cara atrás” (*Ilíada* +).
mic. *wo-no-*qo*-so* m., nome dun boi.
xerm. **arsa-* “traseiro” en nór.a. *ars*, ingl.a. *ears*, fris.a. *ers*, a.a.a., sax.a. *ars(-belli)*.

A laringal non alonga a vogal que lle segue. O grupo **-rs-* mantívose no grego cando o acento o precedía (no ático pasou a *-rr-*). Así, no xónico mantívose o grupo **-rs-*: ὄρσοπύγιον (cf. ὄρσοθύρη). Cando o /s/ cae prodúcese un alargamento compensatorio (cf. **h₁ors-é₂-* > gr. οὐρά, χόν. οὐρή).

Etimoloxicamente, trátase dunha vella expresión para “fondo”, “traseiro”, evitada pola épica por tratarse dunha expresión vulgar.

Os testemuños das linguas históricas, por exemplo: a.a.a *ars*, ingl.m. *arse*, arm. *or̄*, apuntan a un indoeuropeo **Hors-o-*, **Hors-i-*. Mentres, o irl.a. *err*, mostra un vocalismo /e/: **h₁ers-h₂-*, pero este vocalismo explícase coma un desenvolvemento secundario. Neste último caso, tamén se pode entender coma un alargamento dunha raíz en *-s*: **h₃er-(o)s-* “elevación”, podendo, así, ter un parentesco con ὄρος “montaña”.

***h₁ueh₂-es-to-** lat. *vāstus*, *-a*, *-um* “deserto”, “despoblado” (Plauto +).
xerm. **wōsta-* “deserto” en fris.a. *wōst* “devastado”.

A laringal ante a semiconsoante nunca a alonga. Mentres, a laringal **h₂* colorea e alonga o /e/ que lle precede: *eh₂ > ā*.

De Vaan 2008: 655 reconstrúe **h₁u(e)h₂-sto-*. A cantidade larga da vogal non está moi clara, Walde (*apud* De Vaan 2008: 656) postula *vās-*, Ernaut e Meillet *vas-* (*apud* De Vaan 2008: 656).

Outros estudosos distinguen *vastus* “vasto”, “extenso”, “enorme”, de *vāstus* “deserto”, “despoboado”. Puhvel (*apud* De Vaan 2008: 656) propón unha conexión co hit. *wašta-ⁱ / wašt-* “pecar”, “ofender”, que Kloekhorst reconstrúe como **uosth_{2/3-} / *usth_{2/3-}*. Aínda que Puhvel di que o significado do verbo hit. é “perder” e o derivado *waštai-* “vacío”, os significados non están fixados de maneira convincente.

***h₁uérH-es-** véd. *vāras-* “extensión”, “zona extensa”.
[gr. εὔρος] “anchura” (*Odisea* +).

A laringal non alonga a semiconsoante. A semiconsoante ó atoparse en inicio de palabra caeu e produciuse un alongamento compensatorio. A outra laringal da raíz non lle afecta á vogal que lle segue.

***h₂éj-er-i** gr. ἄρι- en ἄριστον n. “almorzo” (*Ilíada* +).
xerm. **ajiri* “temperá”, “antigamente”, en gót. *air*, nór.a. *ár*, ingl.a. *ær*, a.a.a. *ēracher* “espertar cedo”.

A laringal colorea a vogal: **h₂é > /a/*. A semiconsoante *j* desaparece ó estar en posición intervocálica e a vogal /a/ mais o /e/ contráense *> /ā/*.

O termo grego procede da contracción do locativo ἄρι (< **aĕp-_i*) e o grado cero de ἔδ- “comer” máis o sufixo *-to-*.

***h₂éks-** [lat. *axis*] m. “eixo” (Catón +).
lit. *ašis* “eixo”.
let. *ass*, *-s* “eixo”.
prus.a. *assis* “eixo”.

A laringal colorea a vogal que lle segue: **h₂e- > /a/*.

***h₂(e)ks-on-** gr. ἄξων m. “eixo” (*Ilíada* +).
mic. nom. pl. *a-ko-so-ne*.

A mesma raíz ca no caso anterior. Quíxose establecer unha relación entre este termo e o verbo ἄγω, pero descártase totalmente. Pode ser que si teña que ver con ἄμαξα.

***h₂aks-leh₂-** lat. *āla* f. “sobaco”, “hombreiro” (Plauto +).
xerm. **ahslō* “axila”, en ingl.a. *eaxel*, sax.a. *ahsla*, a.a.a. *ahsla*, *ahsala*.

Derivado das raíces anteriores, cun sufixo /l/.

***h₂eb-(e/o)l-** gr. Ἀβύλλιον (glosa de Hesiquio).

Obsérvase un grao pleno /e/ a coloración da vogal /e/ pola laringal *h₂, tendo como resultado unha vogal de timbre /a/.

***(-)h₂eĝ-** véd. -áj- en *pṛtanáj-* “que conduce, dirixe a batalla”.

lat. -ax, -ex en *navex m. “temoneiro”, proporcionado por *navigium* n. “barco”, “nave” (Cicerón +), *remex, -igis* m. “remeiro” (Plauto, Catón +) de *remigium* n. “fila ou orde de remos”, “remos”, *aureax* m. “xinete”, “cocheiro” (hapax Paulo de Festo).

?lat. *ambāgēs, -um* “volta”, “sinuosidade” (Plauto +).

En ámbolos dous casos a laringal atópase en interior de palabra. No latín, o resultado do timbre vocálico vacila entre /a/ e /e/. Nalgúns exemplos vese o peche do /a/ en /e/, este fenómeno fonético é habitual no latín cando a vogal /a/ se atopa en sílaba final pechada. Aínda que, tamén, se mantén o timbre /a/ nalgúns ocasións como en *aureax*, onde se mantén por disimilación coa vogal contigua.

A consonante dobre do latín procede da unión do /ĝ/ máis un /s/ de nomintivo.

***μη-h₂eĝ-(t)-** véd. -íj- en *vaníj-* “comerciante”.

gr. (F)ἄναξ, -κτος, pl. ἄνακες m. “señor”, “soberano”, “rei” (*Ilíada* +), (F)ἄνασσα f. < *wanak(t)-ia “señora”.

mic. *wa-na-ka*, xen. sg. *wa-na-ka-to* “título de xefe laico ou relixioso.

Leumann (*apud* NIL: 271) propón que o significado orixinario do termo grego era “protector”, “salvador”.

A laringal non lle afecta á soante por atoparse en grupo silábico distinto. A laringal coloreia a vogal que lle segue, resultando unha vogal de timbre /a/. A soante vocalizou nunha vogal /a/, pero non desapareceu como soe acontecer no grego. A ξ procede do encontro da gutural máis a silbante. O grupo -κτ- que aparece no xen.sg. débese á que o caso oblicuo se forma sobre un tema en -t e a gutural por influxo da xorda perdeu a súa sonoridade pasando a κ.

Descoñécese a etimoloxía deste termo, posiblemente se trate dun substrato. As formas *vanaktei* do frix.a. e *οανακταν* do fris.r., fan pensar que se tratan de préstamos do grego. O termo resulta importante para saber se *wa-na-s*^o procede dunha raíz en -kt- ou dunha raíz en -k-. É probable que as formas sen /t/ sexan máis recentes.

Pódense destacar algúns antropónimos compostos de ἄναξ: Ἀναξαγόρας, Ἰππῶναξ.

***-h₂eĝ-ét-** ?[mic. *ra-wa-ke-ta*], título do xefe militar.

?[gr. *λαγέτως*] m. “xefe”, “condutor do pobo” (Píndaro, Sófocles, Esquilo).

?lat. *indīges, -etis (-itis)* m., epíteto dalgúns deuses (Virxilio, CIL X 5779).

No latín dáse de novo o fenómeno da apofonía co paso do /a/ inicial, resultado da coloración e desaparición da laringal (**ind-āges*), a /ī/, por estar en sílaba aberta en interior de palabra, onde por regra xeral as vogais cérranse en /i/. No grego non hai ningunha complicación: a laringal coloreia a vogal que lle segue e desaparece.

Hai quen propón que o termo latino é un derivado en *-o/et- do composto **endo-ag-o-* “traballo dentro da comunidade”. Así *indigitāre* sería un verbo denominativo co significado “estar necesitado dos deuses”.

***h₂eĝ-on-** gr. ἀγων, -ῶνος m. “reunión, “asamblea” (*Ilíada* +).

lat. *agōn, -ōnis* m. “loita”, “combate” (escolio, Estacio: *Tebaida*); *ind-āgō, -inis* (f.) “batida”, “trampa”. (Virxilio).

A mesma raíz ca no caso anterior.

Derivados de **h₂eĝ-on-* son as formas latinas *agōnium* (n.); *agōnia* (f.) < **h₂eĝ-on-jo/eh₂-*.

**h₂(e)ĝ-tér-* [gr. -άκτηρ] en ἐπάκτηρ m. “cazador” (*Ilíada, Odisea*).

A reconstrución da laringal débese á teoría de que o fonema /a/ non existía en indoeuropeo, de aí que, en inicio de palabra, en contadas ocasións, se reconstrúa dito fonema. Seguindo esta reconstrución, a laringal pode ser o núcleo silábico, sen necesidade de reconstruír a vogal básica /e/. A raíz, entón, tería grao cero, fronte o pleno do sufixo (do tipo *nomen agentis*), esta postura é respaldada pola teoría que defende a aparición dun *schwa secundum* neste contexto. O acento recae no sufixo, ó contrario que en gr. ἄκτωρ,-ορος “guía”, “conductor”, “xefe”, “príncipe” < **h₂eĝ-tor-* > lat. *āctor*, -ōris “conductor”, “guía”, pois o grao pleno está na raíz (para o alargamento da vogal *vid. āctus*).

Tanto no grego coma no latín a gutural sonora, polo influxo da dental xorda, enxordeceuse.

**h₂eĝ-men-* véd. *ájman-* “camiño”.

[gr. eol. ἄχματα] n. ol. “fragmento”, “anaco de algo”; en composición σύν-αγμα,-ατος “montón”, “masa”, “cálculo renal” (*Corpus Hipocraticum*).

lat. *agmen*, -inis n. “exército en marcha” (Ennio +).

A laringal colorea a vogal que lle segue. A mesma raíz que no casos anteriores, pero cun sufixo **-men-*.

**h₂eĝ-men-to-* lat. *coāgmentum* n. “unión, “conexión” (Plauto +).

O /ā/ débese por estar en composición, di Perrot (*apud NIL 272*).

**-h₂eĝ-smen-* lat. *exāmen* < **ex-aĝ-smen* “enxame”, “multitude”, “acción de pensar”, “examinar” (Plauto +).

**h₂(e)ĝ-ti-* lat. adv. *co-āctim* de *coactus* (*cōgo* de *cum* e *ago*) “de maneira apretada” (Sidonio Apolinar).

Produciuse o enxordecemento da gutural ante a dental xorda.

**h₂(e)ĝ-tu-* lat. *āctus*, -us m. “movemento”, “acción de moverse”, “o feito de facer marchar o gando diante” (Catón +).

A vogal obtida trala desaparición da laringal é un /ǎ/, mais nos termos testemuñados nas linguas históricas aparece un /ā/. A explicación ven dada, para os defensores da teoría glotal, pola perda da glotal: a gutural ó pasar, en contacto coa xorda, de sonora a xorda transfírelle as súas vibracións glotais á vogal anterior alargándoa, é dicir cando desaparece o trazo de glotalidade prodúcese unha especie de alargamento compensatorio. A alternativa á lei de Lachmanns é ver que se produciu neste termo unha presión analóxica por parte doutros termos que presentan unha gutural sonora na súa raíz, como por exemplo *agmen*, por iso nunha etapa non testimoniada a raíz debeu de contar cunha sonora, que ó enxordecerse pola presenza da xorda que lle segue, produciuse unha especie de alargamento compensatorio da vogal que lle precedía.

A nova explicación que recolle Hackstein 2012 é un exemplo de que a raíz, como se mostra na reconstrución dada ó comezo, se pode presentar con grao cero. Así, para Hackstein o /a/ sería o resultado do *schwa secundum*. Polo tanto, non sería necesaria a reconstrución con grao pleno como propoñen moitos autores, entre eles Weiss.

A partires de *actus* temos o adverbio *actūtum* “enseguida”, “agora mesmo” (Nevio, Plauto, Terencio +).

?**h₂eĝ-us-ih₂-* gr. ἄγυια “rúa”, “camiño”, “barrio”, “poboación” (*Ilíada*, *Odisea* +).

A laringal coloreia a vogal, pasando a ter un timbre /a/. Vemos a formación do feminino sobre un tema en -u. O sufixo ten grao cero, mentres que a raíz un grado pleno. Estamos, entón, ante un tipo acentual acrostático.

?*(-)*h₂eĝ-ó-* véd. *ajá-* “controlador”.
gr. ἄγός m. “conductor”, “xefe”, “caudillo” (*Ilíada* +); en composición en dór., arc. στρατᾶγός; xón., át. στρατηγός “xeneral”, “estratego” (Esquilo +); λοχ-αγός “xefe dunha centuria” (Sófocles, Xenofonte +).

O resultado da laringal é unha vogal de timbre /a/. En *(-)*h₂eĝ-ó-* temos o sufixo da declinación temática.

**h₂eĝ-eh₂-* gr. ἀγή f. “transporte” (Quios).
lat. *abiga* f. “nome da pranta do aborto”, “mirabel” (Plinio. Nat. 24, 29: “*Chamaepitys Latine abiga vocantur propter abortus*”).

A mesma raíz que no caso anterior, pero co sufixo de feminino.

O termo latino é un derivado de *abigo* “botar lonxe”, “botar fóra”, a súa vez composto *ab-ago*, o que tivo lugar foi un peche do /a/ en /i/ por atoparse en sílaba interior aberta (cf. lat. *prōd-igus*).

**h₂oĝ-mo-* véd. *ájma-* “curso”, “camiño”.
gr. ὄγμος m. “liña”, “fila” (*Ilíada*, himno a Ceres +).

Cando á laringal lle segue unha vogal de timbre /o/, a laringal non lle transmite o seu timbre, como se pode observar no caso do grego. O /a/ do védico é o resultado dun /ǝ/ orixinario. A correspondencia que se ve entre o termo grego - ὄγμος- e o sánscrito -*ájma-*, demostra que o resultado regular de **h₂o-* no grego é /o/, non /a/ como sostíña Ruijgh.

Podemos destacar a alternancia cualitativa que existe entre esta raíz e as anteriores.

**h₂oĝ-m-ijō-* gr. Ὀγμιος, en composición ἐπόγμιος (epíteto de Deméter).
Estamos ante a mesma raíz ca no caso anterior, pero cun sufixo derivativo *- *ijō*.

**h₂eĝ-ro-* véd. *ájra-* “chaira”, “terreo”, “campo”.
av.r. *azra-* en *azro. daiḍīm* acus.sg., epíteto dunha loba?
gr. ἀγρός m. “campo”, “campo como oposto á cidade” (*Ilíada*, *Odisea* +).
arm. *art**, xenitivo singular *artoy* “campo”.
lat. *ager, agrī* m. “campo”, “terra”, “territorio” (Plauto +).
xerm. **akra-* “campo”, en gót. *akrs*; nór.a. *akr*; ingl.a. *aecer*; fris.a. *ekker*; sax.a. *akkar*; a.a.a. *ackar*.

A maioría de estudosos están de acordo en facer derivar este termo da raíz **h₂eĝ-* “conducir”, “levar”. O resultado vocálico pola coloración da laringal é o regular en todas as linguas. Pero pode debaterse se se trataría dun grao pleno ou cero. Según o que xa comentamos do recollido por Hackstein podería tratarse dun grao cero e onde se desenvolveu un *schwa secundum*, estando a laringal seguida por dúas consoantes.

No latín tivo lugar o fenómeno fonético coñecido como *samprasarana* (termo tomado da gramática sánscrita), consistente en que, ante a síncopa dunha sílaba, cando lle precede á

vocal sincopada unha soante, esta convértese no centro silábico, co cal o número de sílabas non diminúe.

Do gr. ἀγρός deriva o adxectivo ἀγρότερος “silvestre”, “agreste”, en mic. *a-ko-ro-ta*. O lat. *agrestis* “relativo ó campo”, “campestre”, parece que ven da forma **agr-estris*, onde o elemento *-es-* está tomado de *terrestris*. No entanto, no NIL: 275: *-estis* < *-*sth₂-í-*, *-*steh₂-*.

***h₂eĝ-reh₂-** gr. ἄγρα; χόν. ἄγρη f. “caza”, “cacería”, “pesca”, “presa” (*Odisea*), en composición κρε-ἄγρα “tenazas, gancho para sacar a carne da pota” (Aristófanes), πυράγρα “tenazas para o fogo” (*Ilíada, Odisea*).

No DELG: 14 rexéitase unha conexión co indoiranio e co céltico, argumentando que os termos desas dúas linguas non teñen o significado de “coller”, “atrapar”, como si o ten o grego. Chantraine defende tamén que a relación que existe entre ἄγρα e ἀγρέω non é moi clara, pero que ἄγρα debe ser un nome deverbativo. Pola contra, Schwyzer (*apud* Beekes 2010: 15), defende que ἀγρέω é un verbo denominativo.

A existencia de compostos como αὐτάγρετος e αὐθαίρετος podería indicar que están relacionados o verbos ἀγρέω e αἰρέω, o que explicaría algunhas variantes formais como -αίγρετος.

***h₂eĝ-r-(i)jo-** véd. *ajríya* “situado na chaira”.
gr. ἄγριος “agreste”, “silvestre” (*Ilíada, Odisea* +).

A laringal de novo colorea a vogal básica /e/, resultando unha vogal de timbre /a/. Nesta caso, á raíz engadíuselle un sufixo derivativo *- (i)jo.

***h₂eĝ-jo-** véd. -ájya-, en *pṛtanájya-* “apuro para a loita” “para a competición”.
arm. -ac (sufixo *nomen actionis*), *gorcac* “traballar”, “traballo”.
lat. *exagium* n. “pesada”, “peso” (CIL VI 1770).
irl.m. *aige* “levar”; “empuxar”, “correr”, “maratón”.
lat. *exagium*, hai quen defende que ven do hipotético *exago* -por *exigo*- < **ex-ago*.

A laringal colorea a vogal, e a raíz contén un sufixo derivativo.

***h₂oĵ-u-** véd. nom. acus. sg. *áyu* n. “vivir”, “duración da vida” en *dīrgháyu-* “lonxevo”, “duradeiro”.
véd. *áyú-* “vivo”, m. “home”, “ser humano”, “descendente”.
av.a. nom. acus.sg. *āiū*; av.r. *āiiu* “vivir”, “vida”; av.a. en *darəgāiiu* “larga duración”.
gr. οὐ “non” (*Ilíada* +).
mic. *o-u-* “non”.

Desaparición da semivogal *j* en posición intervocálica en grego. A laringal non colorea a vogal de timbre/o/. O /a/ do védico e o /ā/ longo do avéstico proceden dun /ǝ/.

Beekes 2010: 1123 reconstrúe **h₂eĵu-* “vida”, “duración”, “longo período”.

A etimoloxía de οὐ é incerta. Wackernagel (*apud* DELG: 835) di que se trata dun préstamo. Durante moito tempo pensouse nunha orixe pre-grega, ata que Cowgill (*apud* DELG: 835) relacionouno con αἰών, supoñendo unha expresión do tipo **ne h₂oiu k^wid*, onde **ne* é o elemento negativo, e o segundo elemento perdeu o seu significado. Este mesmo procedemento explicaría o arm. *oč* ‘ e alb. *as*.

Outras formas gregas son máis doadas de explicar: Homero οὐ-κί, que contén o pronome indefinido **k^wid*, que é a forma máis antiga. A partir desta forma temos οὐκ -por elisión-, οὐχ -con aspiración- e οὐ-χι -coa partícula indoeuropea **ĝ^hi-*.

***h₂ej₁-u-** gr. adv. αἰεί “sempre” (*Ilíada*), át. ἀεὶ ; chip. αἰφεῖ ; eól. αἰῖ(v), ἄἰῖ(v) (inscripción tesalia); dór. αἰέξ (Aristófanes, Bión e nunha inscrición aparece ἄέξ); tarent. αἰή “sempre”.

Desaparece a *u* en posición intervocálica. Enténdese como un caso oblicuo de tema en *-u*: αἰ(Ϝ)εῖ < dat.sg. *h₂ej₁-u-εῖ, αἰ(Ϝ)ι < loc.sg. *h₂ej₁-u-i -frente a un loc.sg. *h₂i-εῦ-[i].

***h₂ej₁-u-on-** gr. αἰών, ὤνος m. “tempo”; “duración da vida” (*Ilíada* +), como segundo termo: δολιχαίων “que vive un longo tempo”, “inmortal” (Empédocles).

A laringal coloreia a vogal, resultando unha vogal de timbre /a/. Beekes 2010: 46-47 apunta que procede de *αιϜών, un tema en *-n*, que se pode apreciar no loc. αἰέν “sempre”. O tema en *-n*, coexistiu cun tema en *-s*: αἰῶ, αἰεξ.

***h₂ej₁-u-o-** ?gr. δην-αιός “de longa vida po duración”, “vello”, “antigo” (*Ilíada* +).
lat. *aevum* n.(Ennio +), *aevus* m. (Plauto +) “duración ilimitada do tempo”, “eternidade”.

xerm. *aiwa-, en gót. aiws; fris.a. ē-; sax.a. ēo “lei”.

O diptongo /ai/ evolucionou no latín clásico a /ae/. De Vaan 2008: 29 reconstrúe para o latín *h₂ó/éj₁-u-, *h₂i-éj₁- “duración da vida” > *h₂ej₁-u-o- “tempo”. Schrijver 1991: 39, fai derivar *aetās* desta mesma raíz: *aetās* < *aiotās < *aijotāt-, onde se produciu a perda da semiconsoante ante a vogal de timbre /o/, e a perda de dita vogal por síncope.

***h₂j₁-u-h₃en-** véd. yúvan-, nom.sg. yúvā, ac.sg. yúvānam, xen.sg. yúnaḥ “mozo”, “adolescente”.

av.r. acus.sg. yuuānəm “persoa nova”.

[lat. *iuvenis*, -is m. “mozo” (Ennio +).

Esta raíz presenta, a diferenza cás anteriores un grao cero na primeira sílaba. De Vaan 2008: 317-318 reconstrúe *h₂j₁-ou-Hn-o-. A primeira laringal non coloreia a vogal que lle segue nin a alonga. A diferenza que presentan ámbalas dúas reconstrucións é a posición do grado pleno /o/. Tamén, a reconstrución do NIL (*h₂j₁-u-h₃en-) reconstrúe con certeza unha laringal *h₃- para a última sílaba, mentres que De Vaan non está seguro do seu timbre. Outra proposta é a que fai Schrijver 1991: 320-322: *h₂iu-h₁en- ou *h₂iu-h₁n-V- > *h₂iuh₁n- > *(h₂)iūan- > *iūan (?) > lat. *iuven-is*. O que teñen en común todas as reconstrucións é o sufixo posesivo coñecido como sufixo de Hoffmann (nestes casos: *-h₃en; *-Hn; *-h₁en). Tamén, todos pensan que se trata dunha orixinal raíz en *-n*, que se reestruturou como unha raíz en *-i*. Ningún dos estudosos nos aclara a procedencia do vocalismo /e/ (*iuven-is*) no lugar do vocalismo /i/ (**iuvn-is*). De Vaan propón un vocalismo /e/ analóxico co que temos en *iuventūs*.

Temos derivados destacados como *Iūnō* “Xuno” (Plauto +) < *h₂j₁-u-h₃n-on-, *iūnīx* “vaca pequena” (hapax en Persio) < *h₂iu-Hn-ih₂-.

***h₂i-u-h₃ḡ-kó/eh₂-** véd. yuvaśá- “mozo”, “adolescente”.

lat. *iuvencus* m. “touro novo”, *iuvenca* f. “vaca nova” (Varrón +).

umbr. *iuvengar* “vaca nova”.

xerm. *junga-, en gót. juggs; nór.a. ungr; ingl.a. geong; fris.a., sax.a., a.a.a. jung “mozo”.

Schrijver 1991: 321 propón a seguinte reconstrución *h₂i-u-Hḡ-kó/eh₂-. Analiza a raíz da seguinte maneira: *h₂iu- (cf. *aevum* < *h₂eiu-o-), mais o sufixo “Hoffmann” *-Hḡ-, mais sufixo -kó/eh₂-.

Para De Vaan 2008: 317 *iuvencus* podería explicarse como un sabelismo, ou pola influencia de *iuvenis* e *iuventus*.

* ***h₂ék-mon-*** véd. *ásman* “pedra”.
 av.r. *asman-* “ceo”, “pedra”.
 pers.a. *asman-* “ceo”.
 gr. ἄκμων, -ονος m. “bigornia” (*Ilíada*), ἄκμων·οὐρανος (Hesiquio).

A laringal colorea a vogal básica resultando unha vogal de timbre /a/. O termo parece ser unha forma de para “pedra”, significado que encontramos en moitas linguas indoeuropeas, aínda que tamén se emprega co significado de “ceo”.

?****h₂ék-r-no-*** lat. *acernus*, -a, -um “de pradairo”, “madeira de pradairo”, “de acebo” (Virxilio +).
 xerm. **ahurna-* en a.a.a. *ahorn* “pradairo”.

A sonante vocaliza nunha vogal de timbre /o/, que sofre apofonía por estar en cercanías dun /r/, xa que o /e/ ten un punto de articulación máis próximo a mencionada consoante. A súa etimoloxía é moi insegura, unha das posibilidades que se barallan é a seguinte: **acer-inos*, termo no que tivo lugar o fenómeno da síncopa. O sufixo -ino é común na formación dos nomes das árbores: gr. ἄκρονα (f.) “especie de acivro” (Teofrasto), ἄκρονα δάφνη (Hesiquio).

* ***h₂ék-r-i-*** lat. *ācer* (*ācris*, *ācre*) “agudo”, “cortante” (Nevio, Ennio +).
 Como se pode observar procede da raíz vista anteriormente **h₂ék-*, que podemos atopar en *acēre*, *acidus*, *acerbus*, *acies*, *acus*; gr. ἄκρος, lit. *aš(t)rūs*, lit.a. *aštras* “agudo” < **h₂ék-r-o-*. No lat.a. *ocris*, umbr. *ocar* “montaña escarpada”, irl.m. *ochair* “lado”, “beira”, véd. *ásri-* “beira”, gr. ὄκρις “cima”, “pico”, ἄκρις “cima da montaña” < **h₂ók-r-i-* / **h₂ék-r-i-*.

Semella imposible identificar lat. *ācer* con **h₂ék-r-o-*, pola desinencia e a vogal longa, e con *h₂e/ók-r-i-*, polo significado e pola vogal longa. Schindler (*apud* Schrijver 1991: 132), afirmou que *ācri-* é un derivado en *vrdhi* da substantivación adxectiva **h₂ékro-* (cf. av. *xšaodri-* “alcohólico”, *xšudra-* “alcohol” (substantivo), “líquido” (adxectivo)). Aínda así, o propio Schindler fixo obxeccións á súa proposta. Polo tanto, *ācer* carece dunha explicación convincente.

Por outra banda, Schrijver recolle o publicado no artigo *Die Laryngaltheorie* (1988: 195-197) de Hamp sobre a orixe da vogal longa. Hamp intenta demostrar que o /ā/ xorde nos compostos con primeiro elemento */o/. Na súa opinión, *-o-*h₂ókri-* procede de *-*aakri-* > *-*ākri-*, e que posteriormente se empregou non só nos compostos. Hamp analizou o termo *indāgō* < **endo-h₂(e)g-ōn-*, e estendeu esta explicación a *ambāges*, *contāges*, *compāges*, *contāgium*, *adāgium*, así a vogal longa de **ākri-* (xunto a **h₂ékro-* > **akros* no gr. ἄκρος, lat. *ācer-bus*) estendeuna a **sākri-* “expiatorio” (xunto a **sakro-* en *sācer*). O proceso atopa un claro paralelo no grego: ἱππᾶμολγός < *-o-*h₂molgó-*, e στρατηγός < *-o-*h₂(o)gō-*, a vogal longa destes compostos estendeuse a, por exemplo, ἐπημοιβός (xunto ó regular ἐπᾶμοιβός). En opinión de Schrijver, é imposible que *-o-*h₂o-* dea en lat. *-*ah₂a-*. Con seguridade **h₂o-* en inicial de palabra dá no lat. /o/. A segunda crítica vai contra a idea de que se trate dun segundo membro dun composto, pois non hai ningún testemuñado (aínda que este reparo non se sostaría se **h₂ékro-* > ἄκρος fose orixinariamente un substantivo “punta”). Á conclusión que podemos chegar, e á que chegou Schrijver, e é que *ācer* si reflexa un grado alargado, pero a súa orixe é descoñecida.

****h₂ék-es-*** ?[gr. -ήκης, -εῖς], en τανυήκης “de longa punta”, “de punta alargada” (*Ilíada*, *Odisea*).
 lat. *acus*, -*eris* n. “as barbas do trigo” (Catón, Varrón +).

xerm. *ahiz- “espiga”; gót. *ahs*; nór.a. *ax*; ingl.a. *ēar*; fris.a. *ar*; sax.a. *ehir*; a.a.m. *ah*.

toc. A *āk*; B *āke* “final”, “punta”, “cima”.

Temos a mesma raíz que en casos anteriores. O composto grego presenta un grao alargado secundario.

**h₂ék-ont-* gr. ἄκων, -οντος m. “dardo”, “venabre” (*Ilíada* +).

Considerouse o termo como un derivado en *-n* de ἀκή, pero, agora, pénsase que o sufixo *-nt-* pode ser orixinario.

**h₂ék-ó/áh₂-* gr. ἀκή f. “punta”, “fío” (ἀκμή σιδήρου, Suidas)

xerm. **agō-* en a.a.a., a.a.m. *aga ā?* “urraca”; ingl.a. *agu* “urraca”.

?toc. B *āk(a)* “cabeza”.

Probablemente se trate dunha raíz nominal. Deriva dunha raíz ἄκ- “afiado”, “punteagudo”.

**h₂ék-mo/ah₂-* gr. ἀκμή f. “ouunta”, “extremidade do corpo”, “fío” (Píndaro +)

xerm. *ahma-* no dialecto suec. *ām* “pantano”.

Derivado en *-μή* da raíz ἄκ-.

**h₂ék-īéh₂-* lat. *acia* f. “febra”, “fío para coser” (Titinio +).

xerm. **agjō-* en nór.a. *egg*; ingl.a. *ecg* “agudeza”, “fío”, “cuchilla”; fris.a. *egg*, *egge* “fío”, “espada”; sax.a. *eggia*; a.a.a. *egga*, *ecka* “fío”, “espada”.

Acéptase, polo xeral, que *acia* deriva de *acus* “agulla”, pero as semánticas non son tan obvias: un fío non é afiado. Un podería pensar nun significado como “o que pertence á agulla”. Deste xeito, un esperaría **acu-iā-* (**h₂ék-u-īéh₂-*).

**h₂(e)k-téh₂-* gr. ἀκτή f. “costa ou beira alta e escarpada”, “acantilado”; “trigo”, “cebada moída”, “fariña” (*Ilíada* +).

Vemos que se pode discutir a presenza dun grao cero ou pleno. Este é un dos problemas cos que un se atopa cando de intenta levar a cabo unha reconstrución, é dicir, atopar argumentos que respalden ou non os diferentes graos. De novo se podería facer referencia neste caso o desenvolvemento dun *schwa secundum* coma no caso de *āctus*.

É discutida a pertenza etimolóxica dos termos “costa”, “beira” e “trigo” á raíz **h₂ék-*, aínda que se lles pode atopar paralelos. Parece que o sufixo *-t* está presente nos nomes de plantas, aínda que isto tamén se debe por en dúbida: gr. ἀκτέα “sabugueiro” (Empédocles); gal.m. *eithin* “xesta”, esta palabra parece provir do céltico **axtīnos* (< **h₂ék-tiHno-*), irl.a *aittenn*. O máis prudente é pensar que se trata dunha palabra de substrato. É posible unha comparación co vasc. *ote* “xesta”.

**h₂emg^h-i-* gr. ἄγγι adv. “xunto a”, “cerca” (*Ilíada* +), en compostos ἀγγί-αλος “próximo ó mar”, “situado nun mar próximo” tamén nome propio (*Ilíada* +).

A laringal transmítelle o seu timbre á vogal que lle segue, dando como resultado unha vogal de timbre /a/.

O termo considérase o caso locativo da raíz nominal relacionada con ἄγγω “estreitar”, “estrangular”, ou unha derivación directa de ἄγγω, precedida de πέρι, ἄντι.

***h₂emĝ^h-os-** lat. *angor*, *-ōris* m. “presión”, “tormento”, “angustia” (Cicerón +).

Tivo lugar o fenómeno do rotacismo latino. É un nome deverbativo (de *angō*). O seu testemuño é relativamente tardío, pode server de base para a formación do adxectivo *angustus* “angosto”, “estreito”, a partir do tema en *-s*.

***h₂ón-r** gr. ὄναρ n. “soño”; “acción de soñar” (*Ilíada* +), adv. “en soños” (na traxedia).

Beekes 2010: 1082 reconstrúe *h₃en-r̥. As dúas propostas deixan ver que non hai un consenso real á hora de reconstruír o vocalismo /o/. Beekes mostra a alternancia cuantitativa que hai nas raíces: lesb. ὄνοιρος, cret. ἄναιρον < *h₃n-r̥-io-; ὄνειρος < *h₃n-er-io-, grao pleno no sufixo. E o NIL: *h₂on-r̥-ĭ-o- > lesb. ὄνοιρος; *h₂ón-er-ĭ-o- > gr. ὄνειρος. Na reconstrución do NIL, a raíz non sofre alternancia, pois en todas recolle un grao pleno /o/. A alternancia mostraa na reconstrución das formas cretenses: *h₂én-r-> ἄναρ ὄναρ, *h₂en-r̥-ĭ-o- > ἄναιρον ὄνειρον; trátase dunha alternancia cualitativa.

En todas as formas se produciu unha metátese, este fenómeno ten lugar en grego no encontro de nasal ou líquida mais iode.

***h₂énh₁-mo-** gr. ἄνεμος m. “vento” (*Ilíada* +).

mic. *a-ne-mo* “vento”.

lat. *animus* m. “alma”, “espíritu”, “principio vital”, “mente” (Nevio +).

osc. *anams* “espíritu”.

A primeira laringal colorea a vogal que lle segue, mentres que a segunda vocaliza nunha vogal de timbre /e/.

Ruijgh (*apud* Schrijver 1991: 317) reconstrúe *h₂onh₁mo-, porque, na súa opinión, o grao /o/ é común nas raíces de derivados en *-mo-*. Beekes (*apud* Schrijver 1991: 317, cre que ese factor non é decisivo. Kortland (*apud* Schrijver 1991: 317) di que *h₂o- ou *oh₂- non poden dar como resultado un /a/, a non ser que se trate dunha laringal *h₂- restituída nunha etapa posterior, e que tomara como modelo a formas con *h₂e- e *eh₂- (cf gr. ἄγος < *h₂oĝos, onde *h₂o- está tomado do *h₂- de ἄγω). Entón, poderíase pensar que a *h₂- de *h₂onh₁mo- foi tomada de *n-h₂nh₁(e)m- > νηνεμία. Pero que se restituíse tanto no grego coma no latín resulta pouco convincente. Polo tanto, a proposta de Ruijgh descártase, ademais non contamos con ningún modelo de restitución no latín.

Por outra banda, se no latín *HRHC dá RāC-, non aRaC-, é pouco probable que o lat. *animus* veña de *h₂nh₁mo-.

Schrijver pensa que é posible partir dunha protoforma *h₂nh₁em-o- que evolucionou a *h₂énh₁emo- > *anemo > *animus*.

Schrijver conclúe que *animus* non pode proceder nin de *h₂onh₁mo- ou *h₂nh₁mo-, nin de *h₂énh₁mo-, se non que, a mellor opción é *h₂nh₁emo-, que explica tanto o grego coma o latín,

***h₂(e)rĝ^h-u-ro-** gr. ἄργυρος m. “prata”, “diñeiro” (*Ilíada* +).

mic. a-ku-ro “prata”.

Non sería necesaria a vogal básica neste caso para o grego. A laringal, ou ben vocaliza nunha vogal de timbre /a/, ou pode ser o resultado dunha /r̥/.

Trátase dun tema en *-u*, igual que o gr. ἄργυρος < *h₂(e)rĝ^h-u-b^hh₂-o- “branco”, “resplandecente”. Algunhas linguas tamén presenta un tema tematizado en *-nt*: lat. *argentum* < *h₂rĝ^h-nt-o-.

***h₂erh₃-ur-ih₂-** gr. ἄρουρα f. “terra de labor”, “terra de labranza”, pl. “terra”, “país” (*Ilíada* +).
mic. *a-ro-u-ra* “campo”, “terra de labranza”.

A primeira laringal transmítelle o seu timbre á vogal que lle segue. A segunda laringal non alonga á semiconsoante porque está en grupo silábico distinto.

O termo é un derivado en -ια do nome verbal *ἄρο-ραρ “aradura”, “arada”. É un tema en r/n (*h₂erh₃-ur, xen. *h₂rh₃-uen-s), que podemos ver tamén no irl.m. *arbor* < *arur̥, irl.a. xen. < *aruens “cereal”, “gran”. Unha formación similar témola no lat. *arvum* < *h₂erh₃-uo- “campo para sementar”.

***h₂erh₃-tér-** gr. ἀροτήρ m. “labrador” (*Ilíada* +).

A laringal *h₂ colorea a vogal que lle segue. A laringal *h₃ vocaliza nunha vogal de timbre /o/.

Á raíz engadíuselle un sufixo *nomen agentis*: -ter. No latín reconstrúese, aínda que con pouca certeza, a mesma raíz e sufixo para *arātor* “labrador” < *h₂erh₃-tor. O /ā/ do termo latino pode deberse ó influxo de *arāre*.

***h₂erh₃-ti-** ?gr. ἄροσις f. “terra de labor” (*Ilíada* +).
xerm. *ardi- en a.a.a. *art* “arar”; fris.a. *raeferd* “arar”.
xerm. *arPi- en ingl.a. *ēarō*, *īerō*, *īrō* “arar”.

Os resultados das laringais son os esperados. Vemos, tamén, que tivo lugar o fenómeno da asibilación no grego: -τι > -σι (*nomem actionis*).

